



OURENSE, A VINTE E NOVE DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

XUÍZ ÚNICO FEGAN

ACTA Nº 16-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA ABSOLUTA DH 25/26

Equipos participantes: C.W. LUGO - R.C. NÁUTICO DE VIGO

Día, hora: 10-5-26; 10:30.

FEITOS

FEITO PRIMEIRO: O día 11/5/26 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polas árbitras do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"Antes del inicio del partido, el jugador local Jorge Mongrell Lasierra se acerca a la mesa para hablar con las colegiadas y comenta que tiene la autorización de la RFEN para el cambio de licencia, ya que lleva toda la temporada jugando en otra CCAA. Dice estar a la espera de la autorización autonómica. Se le permite jugar pero se le advierte de las posibles consecuencias; como que podrían darle el partido por perdido y sancionarle si está información no es verídica. Dicho jugador no tiene licencia en Clupik, por lo que juega con el número 4 en nombre de Pol Roson Alvarez."

FEITO SEGUNDO: O día 15 de maio de 2026 deuse trámite de audiencia ó interesado polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: O día 15 de maio de 2026 deuse igualmente trámite de audiencia ó C.W. LUGO polo prazo de dous días hábiles.

FEITO CUARTO: Non se realizaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: A Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/26, Circular 25-43, establece no seu apartado 2, relativo ás licenzas, que as licenzas dos xogadores, adestradores e delegados deberán ser tramitadas como mínimo oito días naturais antes do comezo da competición de cada categoría, e que os xogadores que a presenten con posterioridade non poderán xogar ata que non aparezan na relación oficial de xogadores.

Así mesmo, o apartado 2.1 da devandita normativa establece que será requisito imprescindible que o deportista dispoña de licenza federativa en vigor.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCEIRO: Os feitos son constitutivos, respecto de JORGE MONGRELL LASIERRA, de infracción MOI GRAVE do artigo 5.I.3.b do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, consistente en:

"A actuación nunha proba ou competición sen tramitar a correspondente licenza deportiva."

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: Os feitos son constitutivos, respecto do C.W. LUGO, de infracción MOI GRAVE do artigo 5.I.3.c do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, consistente en:

"A utilización por Clubs e Entidades deportivas de deportistas que non cumpran os requisitos xerais do réxime de licenzas."

Así mesmo, a dita conduta integra aliñación indebida, conforme ao artigo 5.II.a do mesmo Libro III, que considera como tal a participación ou utilización de deportistas incumprindo as regras de idades ou calquera outras normas referidas a devandito réxime.

Non se aprecia dobre sanción polos mesmos feitos, ao tratarse de responsabilidades disciplinarias diferenciadas: a do deportista, pola súa actuación nunha competición sen ter tramitada a correspondente licenza deportiva; e a do club, pola utilización dun deportista que non cumpría os requisitos xerais do réxime de licenzas.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO: As sancións que se poden impoñer a deportistas, con base no artigo 8 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade.
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa.
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEXTO: As sancións que se poden impoñer ós clubs, con base no artigo 8 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, son:

- a) Perda ou descenso de categoría ou división.
- b) Perda de puntos ou postos na clasificación.
- c) Clausura do recinto deportivo.
- d) Perda do encontro ou eliminatoria.
- e) Multa.
- f) Inhabilitación para a participación e a/as tempada/s seguintes/s.
- g) Exclusión da competición.

FUNDAMENTO DE DEREITO SÉTIMO: As sancións previstas para as infraccións moi graves no artigo 9.I do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN inclúen, entre outras, a suspensión ou inhabilitación temporal de dúas a cinco tempadas, as multas non inferiores a 600 € nin superiores a 6.000 €, e a perda do partido, descenso de categoría ou división ou perda de postos na clasificación.

FUNDAMENTO DE DEREITO OITAVO: O artigo 10 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN permite que, para unha mesma infracción, poidan impoñerse multas de modo simultáneo a calquera outra sanción de distinta natureza, sempre que estean previstas para a categoría de infracción de que se trate e que, en conxunto, resulten congruentes coa gravidade desta.

FUNDAMENTO DE DEREITO NOVENO: Atendidas as circunstancias concorrentes, en particular que o propio xogador puxo en coñecemento da mesa a existencia dunha autorización da RFEN e que estaba pendente da autorización autonómica, mais tendo igualmente en conta que participou sen licenza en Clupik e baixo o número e nome doutro xogador, procede impoñer a sanción persoal no seu grao mínimo regulamentariamente previsto.

Respecto do C.W. LUGO, atendendo á utilización dun deportista que non cumpría os requisitos xerais do réxime de licenzas, e tendo en conta que o resultado final do encontro xa foi desfavorable para o devandito club, procede impoñer a perda do encontro, manténdose o resultado favorable ó R.C. NÁUTICO DE VIGO, así como multa no seu grao mínimo regulamentariamente previsto.

RESOLUCIÓN

Impor a **JORGE MONGRELL LASIERRA**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN MOI GRAVE**, consistente en **INHABILITACIÓN TEMPORAL PARA PARTICIPAR EN COMPETICIÓNS DA FEGAN POR DÚAS TEMPADAS DEPORTIVAS**.

Impor ó **C.W. LUGO**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN MOI GRAVE**, consistente en **PERDA DO ENCONTRO DISPUTADO O DÍA 10 DE MAIO DE 2026 FRONTE AO R.C. NÁUTICO DE VIGO**, MANTÉNDOSE O RESULTADO FINAL FAVORABLE AO R.C. NÁUTICO DE VIGO POR 9-14. Impor igualmente ó **C.W. LUGO: MULTA DE SEISCENTOS EUROS (600 €)**.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso ante o Comité de Apelación da FEGAN no prazo regulamentariamente establecido.

José-Antonio Nóvoa

Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuíz Único Comité de Competición da FEGAN